

Recomendacións para a elaboración da copia en pdf do TFG

Algúns dos traballos fin de grao vanse publicar no repositorio institucional da UDC (RUC) <http://ruc.udc.es/dspace/>, para facilitar o acceso e a recuperación do TFG é conveniente ter en conta os seguintes aspectos:

1. O TFG en versión dixital corresponderase fidedignamente coa copia entregada en papel.
2. O soporte/documento estará identificado con letra de imprenta. Os datos que deben constar, como mínimo, son: autor/título do TFG/director-tutor/ano.
3. Os documentos presentaranse en formato PDF/A ou outros formatos abertos. Os arquivos PDF poderán incluír ligazóns de hipertexto e información multimedia.
4. Os arquivos PDF non estarán protexidos.
5. Empregaranse tantos arquivos como foren necesarios.
6. O nome dos arquivos que conteñen o documento principal levarán o nome do autor, a abreviatura TFG e o ano. **Non deben utilizarse no nome dos arquivos nin espazos, nin acentos, nin o ñ, cedilla, etc. co fin de asegurar a compatibilidade con todos os navegadores.**

Exemplo: un TFG defendido en 2011 por José Manuel Pérez López o documento principal chamarase:

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011.pdf

Se o documento principal estiver formado por tres arquivos, estes chamaranse así:

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011_01de3.pdf

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011_02de3.pdf

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011_03de3.pdf

7. Outros arquivos:

Poderán achegar arquivos doutros tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia, etc) en formatos coñecidos (TIFF, JPG, MPG, MP...)

Nese caso, e para favorecer a súa identificación, o nome dos arquivos adicionais seguirá unha pauta similar á dos que conteñen o documento principal. Por exemplo, o arquivo que contén un vídeo en formato MPG (o cuarto dun total de sete) no TFG de José Manuel Pérez López podería chamarse:

PerezLopez_JoseManuel_TFG_Video_4de4.mpg

Polo tanto o autor poderá indicar o tipo de arquivo que envía e a extensión propia deste arquivo, pero cando son varios arquivos a numeración mantense a do conxunto:

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011_01de4.pdf

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011_02de4.pdf

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011_03de4.pdf

PerezLopez_JoseManuel_TFG_Video_4de4.mpg

Poderán definir hipervínculos para acceder a estes contidos desde os arquivos PDF que forman o documento principal do TFG.

8. Tamén pódense engadir metadatos. O procedemento para engadir metadatos faise cando creamos o pdf. Para isto podemos empregar software libre como PDFCreator dispoñible en <http://sourceforge.net/projects/pdfcreator/>

Unha vez instalado, abrimos o ficheiro de Word ou de libre office imos a:
Arquivo -> Imprimir -> Seleccionar impresora "PDFCreator" e Aceptar
Aparece unha ventana que temos que cubrir, por exemplo:

PDFCreator 1.2.3

Título del documento
Título do TFG

Fecha de creación
20131210144419

Fecha de modificación:
20131210144419

Autor:
Nome e apelidos do Autor

Asunto:
Universidade da Coruña Trabajo fin de grao

Palabras clave:
pymes ; financiación ; sme ; financing (as palabras chave van separadas por ;) **Olo**

Perfil
Predeterminado **Prememos en gardar e xa rematamos**

Al terminar, abrir el documento con el programa predeterminado.